

Instalarse no amor

Malía ser este o primeiro libro individual de Xosé Leira López, a súa lectura amósanos unha voz asentada, poderíamos dicir madura. Estamos diante dun dos fundadores do colectivo Rompenpe, aínda que, segundo se le na lapela, abandonou a actividade poética en 1977 para retomala, entendendo, con este volume. De todos os xeitos ese é un asunto que non me parece fundamental. Non son moi partidario de “xustificar” co carimbo do “novel” un texto polos antecedentes do autor. Considero que a lectura deberíase cinguir ó obxecto que se ten entre as mans, o libro. Calquera outro elemento non debe ser fundamental.

Neste mesmo plano, ando preocupado porque estes espacios que os suplementos literarios dedican ás edicións recentes se destinen non a aqueles que xa leron o libro, que atoparán nestas verbas complicidade ou motivo de discrepancia respecto do que leran, senón para que os lectores potenciais teñan unha guía do que poden atopar. E quero pensar sobre todo no lector que chamaría “normal”, e as miñas ilusións van en pos do que, de cotío, non é lector de poesía.

Todo isto porque neste libro en particular coido que estes lectores poderán atopar un material de atractivo indudable. Non só porque se trata dunha poética sinxela, espida e aberta; tamén hai aquí moito espacio en branco para as aportacións do

lector, para que cada visita e revisita (coido que Fermín Bouza Alvarez diría, no seu epílogo, cada reencontro amoroso con estas verbas) sexa un verdadeiro acto creativo.

Velaí o que a min me gusta pensar que ten de especial a poesía: a poesía, máis cos outros xéneros, debe ser o verdadeiro espacio de creación dos lectores. E Xosé Leira López ofrécenos nestas páxinas moitos bos elementos para que ese acto de creación contián sexa fructífero.

Onde ía: este libro achéganos unha voz sólida, claramente consciente do material co que está a traballar. Este é un bo exemplo dunha voz rigorosa co uso das palabras, que non se detén coas adxectivacións excesivas (un vicio tan visto por estas terras que acaba

sendo tolerado máis do debido). As palabras son as xustas, os recursos etán para significar: medida.

Mais isto non quere dicir que se trate dun poemario anodino. Para nada. Hai nestas páxinas un relato de fondo contido poético dunha historia de amor. Si. Máis un libro sobre o amor. Empresa difícilísima falar do xa tan falado sen caer en lugares comúns. E Leira non cae. Leira é sincero, e o que conta é tan personal que non cae, porque non pode, en lugares comúns. Amor, e amor urbano.

Poderá atopar o lector os percursos do amor por variadas cidades. Ferrol, Vigo, Madrid. Paisaxes urbanas nos que crear o amor, os chanzos do amor, os xogos do amor, os emblemas do amor. O amor minucioso, o amor paciente.

A quen colla o libro e decida ler antes que nada o prólogo de Ferrín (¿habrá algún?) chamáralle a atención que, contrariamente ó que estou dicindo, se refira á poesía de Leira como “os primeiros ouveos dun lobeco novo”. Este é o grande acerto do libro: tanta sabedoría, tanta precisión, e iso sumado a tanta sinceridade, dan como resultado un traballo de lectura fresca, directa, limpa. Un libro gratificante, poucos quedarán decepcionados.

*A precisión
poemática dá como
resultado unha
lectura directa e
limpa*

Leira López, X., *Canto custa instalarse no amor*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 1996